



**ASUNTO: INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR SOBRE O PARQUE EÓLICO MONTE INXEIRO NOS CONCELLOS DE ORDES E CERCEDA (A CORUÑA)**

**Clave: Parque Eólico Monte Inxeiro (IN408A 2017/25)**

Con data do 30 de setembro de 2021, o Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña remite escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, solicitando a emisión de informe por parte desta DXEI relativo ao estudo de impacto ambiental, en cumprimento do establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, do **Parque Eólico Monte Inxeiro, expediente IN408A 2017/25**, cuxo promotor é Green Capital Power, S.L., en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorra

Revisado a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que, si poidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o correspondente plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Santiago de Compostela, **na data de sinatura electrónica**

Nuria Padín Quintanal  
Xefa do servizo de Prevención e  
Análise de Riscos  
**Asinado electronicamente**

Vº Bº  
Jose Antonio Grandas Arias  
Subdirector Xeral de Planificación  
e Protección Civil  
**Asinado electronicamente**

**Juan José Iglesias Suárez**

Servizo de Enerxía e Minas  
Xefatura Territorial de A Coruña  
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación  
Edificio Administrativo Monelos  
Rúa Vicente Ferrer 1, 1º e 2º andar  
15071 A CORUÑA

